

[XASM/MCPPP]

Na sala de comisións “Concepción Arenal” do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión de Peticións**, o día **20 de setembro de 2024**, ás **10:00 horas**, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:

María Elena Candia López
(Vicepresidenta 1ª)
María Montserrat Prado Cores
(Vicepresidenta 2ª)
Ethel María Vázquez Mourelle
(Secretaria)
Patricia Iglesias Rey
(Vicesecretaria)

Vogais:

Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):

Paula Prado del Río

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Óscar Insua Lema

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):

Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Mixto (M):

Armando Ojea Bouzo

Comparecente:

María Dolores Fernández Galiño (valedora do pobo)

Letrado:

Xosé Antón Sarmiento Méndez

A vicepresidenta 1ª abre a sesión e rógalle á secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

Punto 1. Informe anual do Valedor do Pobo

1.1 11139 (12/IVAL-000001) Valedor do Pobo Informe anual correspondente ao ano 2023

A Presidencia lembra o desenvolvemento da comparecencia que se iniciara cunha primeira intervención da valedora do pobo, para a cal disporá do tempo que precise; a continuación, os grupos parlamentarios disporán dun tempo aproximado de 10 minutos cada un, para formular as cuestións que consideren oportunas; e a valedora contestaralles a continuación e pechará a comparecencia.

Sen máis, concédelle a palabra á señora Fernández Galiño (valedora do pobo), quen procede a informar sobre informe anual do Valedor do Pobo correspondente ao ano 2023.

A seguir, ábrese unha rolda dos grupos parlamentarios para que os seus voceiros e voceiras formulen as preguntas e observacións que consideren oportunas sobre a información recibida; nela interveñen: o señor Ojea Bouzo (M), a señora Castro Rey (S), o señor Insua Lema (BNG) e a señora Prado del Río (P). Ambos intervinientes coinciden en agradecer a presenza da valedora do pobo e valorar positivamente a súa xestión e a do seu equipo colaborador ao fronte da Institución, ao tempo que expoñen os criterios dos seus respectivos grupos sobre o contido deste informe.

Ao remate das anteriores intervencións, o señor Insua Lema (BNG) solicita a palabra, en base ao artigo 76.3 do Regulamento da Cámara, por alusións ás verbas da voceira do G.P. Popular de Galicia referidas ao seu grupo parlamentario, que lle é denegada pola Presidencia e ao que o señor Insua Lema (BNG) manifesta a súa desconformidade.

A continuación, a Presidencia concédelle de novo a palabra á señora valedora do pobo, María Dolores Fernández Galiño, quen contesta ás cuestións que se lle suscitaron e con cuxa intervención se pecha o debate desta comparecencia.

A Presidencia agradécelle á valedora do pobo a súa presenza na Comisión e descúlpaa de seguir na sesión, da que se ausenta.

A seguir, éntrase no desenvolvemento do punto segundo da orde do día:

Punto 2. Debate e votación do Informe da Ponencia sobre o proxecto de modificación do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Pobo (doc. núm. 3444, 12/PMRE-000001)

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 25f2, do 16.05.2024

Publicación das emendas e da ponencia, BOPG n.º 40f1, do 19.06.2024

Publicación da corrección de erros, BOPG n.º 42, do 21.06.2024

Publicación do informe de ponencia, BOPG n.º 49f1, do 10.07.2024

A Presidencia, salienta que, previo ao debate e en cumprimento das normas reguladoras da tramitación deste proxecto, esta comisión debe ratificar o nomeamento provisional da Ponencia efectuado por esta Mesa, publicado no BOPG, do 19 de xuño de 2024, e integrada por: Paula Prado del Río (P), Óscar Insua Lema (BNG) e Paloma Catro Rey (S). Non se manifestan obxeccións ao respecto, polo que, se entende ratificado o seu nomeamento.

A continuación, seguindo os precedentes e co acordo do e das ponentes, comunica que o debate e votación do texto articulado do informe da Ponencia desenvolverase do seguinte xeito:

Unha única rolda dos grupos parlamentarios por un tempo de 8 minutos para posicionarse respecto do informe, defender, se é o caso, e posicionarse sobre as emendas presentadas e posterior votación.

A seguir, na rolda dos grupos parlamentarios intervén, en primeiro lugar, o señor Ojea Bouzo (M), para manifestar a posición do seu grupo e anuncia a súa abstención de voto ao texto articulado proposto pola Ponencia no seu informe.

En segundo lugar, a señora Castro Rey (S), amosa os motivos polos que o seu grupo non presentou emendas, á vez que se pronuncia a favor do texto articulado proposto pola Ponencia.

En terceiro lugar, intervén o señor Insua Lema (BNG), quen, logo de facer unha puntualización a respecto da súa petición anterior en base ao artigo 76.3 do Regulamento, defende a emenda a emenda á totalidade de devolución presentada polo seu grupo (doc. 5248) para a que a Ponencia no seu informe propón o seu rexeitamento, e anuncia o rexeitamento do seu grupo ao texto articulado proposto pola Ponencia no seu informe.

En cuarto lugar, intervén a señora Prado del Río (P), quen, logo de referirse e matizar as alusións expostas polo voceiro do G.P. do BNG, salienta que o seu grupo presentou catro emendas ao texto articulado para as que a Ponencia no seu informe propón a súa aceptación e anuncia o favorable do seu grupo ao texto articulado proposto pola Ponencia.

Ao terse rematado o debate, a Presidencia dá paso ao trámite das votacións das emendas presentadas conforme ao posicionamento da Ponencia:

En primeiro lugar, sométese a votación a **emenda á totalidade de devolución do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. 5248)**, que –en aplicación do voto ponderado– resulta **rexeitada** por:

. votos a favor..... 25 (G.P. BNG)
. votos en contra 49 (GGPP: P+S)
. abstencións..... 1 (G.P.M)

En segundo lugar, sométense conxuntamente a votación as **emendas ao articulado do G.P. Popular de Galicia, números 1 á 4 (doc. 5258)**, que –en aplicación do voto ponderado– resultan **aprobadas** por:

. votos a favor..... 40 (G.P. P)
. votos en contra 0
. abstencións..... 35 (GGPP: BNG+S+M)

En terceiro lugar, sométese a votación o **texto articulado do proxecto de reforma do Regulamento de organización e funcionamento do Valedor do Pobo** que, en aplicación do voto ponderado, resulta **aprobado** por:

. votos a favor..... 49 (GGPP: P+S)
. votos en contra 25 (G.P. BNG)
. abstencións..... 1 (G.P.M)

Xa que logo, queda **aprobado** o Ditame da Comisión sobre o Proxecto de modificación do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Pobo (doc. núm. 3444, 12/PMRE-000001), que se publicará como **modificación do Regulamento de organización e funcionamento do Valedor do Pobo** no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia e no Diario Oficial de Galicia.

A seguir, éntrese no desenvolvemento do punto 3 da orde do día:

Punto 3. Dereito de Petición

A Presidencia informa que, unha vez examinados os documentos remitidos a esta Comisión -de conformidade co establecido no artigo 48 do Regulamento do Parlamento de Galicia- e oído os Servizos Xurídicos da Cámara, propón a agrupación dos documentos segundo as propostas de acordo a adoptar, resultando as seguintes:

-Expedientes que figuran na orde do día nos puntos:

3.1 **63503 (11/VUDE-000051)**
 Dereito de petición relativo ás licenzas en Galicia para a radio dixital DAB ou DAB+
 (David Criado Caballero)

- 3.3 **63779 (11/VUDE-000053)**
Dereito de petición relativo ás licenzas en Galicia para a radio dixital DAB+
(Alejandro Criado Casal)
- 3.7 **1856 (12/VUDE-000002)**
Dereito de petición para unha mellor cobertura móbil do Grupo Masorange en Teixeiro
(Manuel Dopazo Pereira)
- 3.8 **1857 (12/VUDE-000003)**
Dereito de petición para unha mellor cobertura móbil do Grupo Masorange en Teixeiro
(Fernando Rey Lema)
- 3.9 **5510 (12/VUDE-000004)**
Dereito de petición en relación á asistencia xurídica ao profesorado dos centros públicos ante denuncias derivadas do exercicio das súas funcións
(Martín Álvarez González)
- 3.11 **7991 (12/VUDE-000006)**
Dereito petición en relación á solicitude de axuda para volver á súa vivenda tras levar 23 anos fora dela debido á presunta realización de actividades ilícitas no seu edificio e que ocasionan gases contaminantes como o benceno ou o tolueno, ademais de inseguridade
(Amalia Vázquez Rodríguez)
- 3.13 **8876 (12/VUDE-000008)**
Dereito de petición para esixir ao Goberno galego unha lei que permita aos galegos saber quen accedeu ao seu historial clínico do SERGAS
(Alejandro Criado Casal)

A Presidencia, propón remitirlle as precitadas peticións á Xunta de Galicia e comunicarlle o acordo aos peticionarios.

-Expediente que figura na orde do día no punto:

- 3.2 **63650 (11/VUDE-000052)**

Dereito de petición sobre o proceso selectivo de funcionarización e traslado á Deputación da Coruña de tres traballadores da extinta fundación FAEPAC
(Alejandro Criado Casal)

A Presidencia, propón remitirlle a precitada petición á Deputación da Coruña e comunicarlle o acordo ao peticionario.

-Expediente que figura na orde do día no punto:

3.4 63854 (11/VUDE-000054)
Dereito de petición de amparo por vulneración de dereitos da Comisión da Transparencia de Galicia e Valedora do Pobo
(Miguel Ángel Delgado González)

A Presidencia, propón remitirlle a precitada petición ao Valedor do Pobo e comunicarlle o acordo ao peticionario.

-Expediente que figura na orde do día no punto:

3.5 63928 (11/VUDE-000055)
Dereito de petición para a inclusión na Lei 2/2016, do 10 febreiro, do solo de Galicia e o seu Decreto 143/2016, do 22 setembro, un apartado que permita inscribir as fincas rústicas segregadas con expediente e número catastral, con anterioridade á prohibición de ser dividas, eximindoas da autorización do concello para ser rexistradas
(Irene Miranda Vázquez)

A Presidencia, propón remitirlle a precitada petición á Xunta de Galicia e aos grupos parlamentarios, e comunicarlle o acordo á peticionaria.

-Expediente que figura na orde do día no punto:

3.6 202 (12/VUDE-000001)
Dereito de petición para unha mellor cobertura móbil nos concellos de Curtis e Teixeira
(Noel Dopazo Soliño)

A Presidencia, propón remitirlle a precitada petición á Xunta de Galicia, á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia – AMTEGA, ao Concello de Curtis e ao Valedor do Pobo, e comunicarlle o acordo ao peticionario.

-Expediente que figura na orde do día no punto:

- 3.10 5708 (12/VUDE-000005)**
Plataforma en Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia
Dereito de petición de nomeamento de persoa non grata a Eva Cárdenas
Botas
(Miguel Ángel Delgado González)

A Presidencia, propón remitirlle a precitada petición aos grupos parlamentarios e comunicarlle o acordo ao peticionario.

-Expediente que figura na orde do día no punto:

- 3.12 8805 (12/VUDE-000007)**
Dereito de petición en relación coa colocación das bandeiras no Concello
de Oza-Cesuras
(José Antonio Vázquez López)

A Presidencia, propón remitirlle a precitada petición ao Concello de Oza-Cesuras e comunicarlle o acordo ao peticionario.

-Expediente que figura na orde do día no punto:

- 3.14 10183 (12/VUDE-000009)**
Dereito de petición en relación coa repercusión que ten sobre a súa
persoa e a súa familia o feito de ter alertado por posibles casos de
corrupción en diversas institucións públicas
(Martín Álvarez González)

A Presidencia, propón remitirlle a precitada petición á Xunta de Galicia e ao Consello de Contas, e comunicarlle o acordo ao peticionario.

-Expediente que figura na orde do día no punto:

- 3.15 10190 (12/VUDE-000010)**
Dereito de petición en relación coa tramitación e consecución de
determinadas subvencións na provincia de Ourense
(Martín Álvarez González)

A Presidencia, propón remitirlle a precitada petición aos grupos parlamentarios, á Xunta de Galicia e ao Valedor do Pobo, e comunicarlle o acordo ao peticionario.

-Expediente que figura na orde do día no punto:

3.16 10673 (12/VUDE-000011)

**Dereito de petición en relación á concesión de subvencións á Fundación
Curros Enríquez**
(Martín Álvarez González)

A Presidencia, propón remitirlle a precitada petición aos grupos parlamentarios, á Xunta de Galicia e á Deputación de Ourense, e comunicarlle o acordo ao peticionario.

Non se manifestan obxeccións ás precitadas propostas e, ao non haber máis asuntos que tratar, a vicepresidenta 1ª levanta a sesión.

Remata a sesión ás 11:45 horas.

(Achégaselle a esta acta como anexo I a transcripción literal do punto primeiro da orde do día desta sesión.)

V. e pr.

Ethel María Vázquez Mourelle
Secretaria

María Elena Candia López
Vicepresidenta 1ª

María Elena
Candia
López,
Vicepresiden
ta 1ª

Firmado digitalmente por
María Elena Candia López,
Vicepresidenta 1ª
Nombre de reconocimiento
(DN): cn=María Elena
Candia López,
Vicepresidenta 1ª,
email=elena.candia.lopez@
parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.10.03 14:45:08
+02'00'

Ethel María
Vázquez
Mourelle,
Secretaria

Firmado digitalmente por
Ethel María Vázquez
Mourelle, Secretaria
Nombre de reconocimiento
(DN): cn=Ethel María
Vázquez Mourelle, Secretaria,
email=ethel.vazquez.mourell
e@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.10.03 14:44:38
+02'00'